



En data **02/06/2023** ditouse a **Resolución da Alcaldía** que de seguido se transcribe:

**ASUNTO:** VI FEIRA DO GANDO VACÚN

**EXPEDIENTE:** 398/2023

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O día 23/07/2023 terá lugar a **VI FEIRA DO GANDO VACÚN** no Concello de Moeche.

Visto que, como en anos anteriores, se vai celebrar o **IV Concurso de Fotografía**, é necesario establecer as bases que rexerán o dito concurso.

No uso das atribución que me outorga a lexislacion do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro:** aprobar as bases que rexerán o **IV Concurso de Fotografía da Feira do Gando Vacún**, que se inclúen como anexo.

**Segundo:** destas bases darase publicidade para o coñecemento xeral na páxina web [www.moeche.gal](http://www.moeche.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



**ANEXO****BASES DO IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA FEIRA DO GANDO VACÚN****Primeira. Organización e obxecto**

As bases redáctanse para regular e normalizar o IV Concurso de Fotografía Feira do Gando Vacún.

Este concurso está organizado polo Concello de Moeche para a dinamización da Feira do Gando Vacún que se vén celebrando dende o ano 2016 neste municipio.

**Segunda. Categorías e requisitos**

Existen dúas categorías nas que participar:

1.- Foto dunha gandaría: onde se pode plasmar calquera actividade asociada ao traballo cotián que desenvolven as nosas gandeiras e gandeiros (alimentación dos animais, limpeza das cortes, pastoreo, etc.)

2.- Foto da vida no rural: imaxes que deixen patente calquera modo de vida vencellado á terra ou á crianza de animais.

3 Foto infancia no rural: imaxes que transmitan aspectos da especificidade da vida cotiá dos nenos e nenas no rural en relación co seu entorno natural

Poderase remitir como máximo unha fotografía por participante en cada categoría.

No caso de uso de imaxe de menores de idade, será responsable de dito uso de imaxe do menor o participante no concurso.

**Terceira. Prazo de presentación das fotografías**

As fotografías, que han de ser inéditas, deberán enviarse entre o 5 de xuño e o 30 de xuño ao correo [concellodemoeche@gmail.com](mailto:concellodemoeche@gmail.com).

No correo farase constar o título da imaxe e o nome da autora ou autor. Con elas farase unha galería na páxina en Facebook do Concello de Moeche para que o público vote por elas dándolle ao "Gústame".

O día da feira expóranse na nave do Mercado todas as fotografías presentadas ao concurso. Alí tamén se poderá votar nunha urna pola foto que máis guste, sumando eses votos aos "gústames" obtidos en Facebook.

**Cuarta. Xurado e premios**

Haberá un primeiro premio por cada categoría ademais dun premio á foto máis votada nas redes. O xurado estará composto por profesionais do mundo veterinario e membros das asociación veciñais de Moeche. O xurado poderá excluír do concurso a calquera participante que realice un mal uso do mesmo, entendéndose como tal o incumprimento dunha ou máis condicións reguladas nas bases.

**Premios:**

- Mellor foto categoría gandaría: Trofeo + imaxe impresa e enmarcada
- Mellor foto categoría vida no rural: Trofeo + imaxe impresa e enmarcada
- Mellor foto categoría infancia no rural: Trofeo + imaxe impresa e enmarcada
- Foto máis votada no Facebook do Concello de Moeche e na propia feira: Imaxe impresa e enmarcada.

As persoas premiadas deberán en todo momento acreditar a súa identidade para poder acceder ós premios. No caso de que a persoa premiada sexa menor de idade, deberá acudir acompañada polo pai, nai ou representante legal. A entrega de premios terá lugar no Mercado do sábado seguinte á feira, día 29 de xullo, ás 12.00h.

A organización do concurso NON SE RESPONSABILIZA polos danos ou prexuízos de toda natureza, que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, poidan deberse á utilización indebida dos contidos. A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases e a cesión á organización dos dereitos de reprodución, exhibición, comunicación pública e/ou transformación de todas as imaxes presentadas ó concurso. Así mesmo, cada participante, polo feito de selo, responsabilízase de que posúe os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material presentado.

Moeche, na data da sinatura dixital. A alcaldesa en funcións. Beatriz Bascoy Maceiras.

